

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTAZÓN DE SERVIZOS DE
DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E SUMIDOIROS.

En sesión plenaria celebrada o 30 de maio de 2008, o Concello aprobou a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros.

O acordo da súa aprobación inicial expúxose ó público no B.O.P. nº 134 de data 12 de xuño de 2008, sen que se presentara ningunha reclamación durante o prazo de exposición, polo que a devandita ordenanza considérase definitivamente aprobada de conformidade co disposto nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e publicárase no Boletín Oficial da Provincia o seu texto íntegro.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTAZÓN DE SERVIZOS DE
DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E SUMIDOIROS

Fundamento e natureza.

Artigo 1.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda establecer a “taxa pola prestación dos servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros”, que se rexirán pola presente ordenanza fiscal e tendo en consideración o establecido no artigo 57 da citada Lei 39/1988, en relación cos artigos 20.1 B) e 20.4, r) do mesmo.

Feito imponible.

Artigo 2.- Constitúe o feito imponible da taxa:

- A prestación do servizo de depuración de augas residuais, consistente na recepción de tales augas pola depuradora, o seu tratamento nela e o seu posterior vertido aos cauces ou medios receptores convenientemente depurada.

- A actividade municipal, técnica e administrativa, consistente en verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.

Suxeito pasivo

Artigo 3.- Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) No caso do servizo de depuración de augas residuais, os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

En todo caso terán a consideración de suxeito pasivo sustituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os respectivos beneficios do servizo.

b) No caso da licenza de acometida á rede do sumidoiro, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

Artigo 4.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 41 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Cota tributaria.

Artigo 5.-

A) A cota tributaria a existir pola prestación dos servizos de tratamento e depuración de augas determinarase en función da cantidade de auga medida en metros cúbicos, utilizada, según resulte das lecturas do contador, na taxa por subministro de auga.

A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

1.- Aboados que o sexan tamén do servizo de abastecemento de auga:

- Cota fixa 1 euro/mes

- Ata 10 m³/mes 0,30 euros

- De 10 m³/mes ata 20 m³/mes 0,40 euros

- Mais de 20 m³/mes 0,50 euros

* Mínimo facturable (10 m³/mes)

2.- Aboados que non consuman auga da rede municipal ou que non teñan contador:

- Doméstico e comercial (media 10 m³/mes) 12,00 euros/trimestre

- Industrial (media 20 m³/mes) 27,00 euros/trimestre

B) A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de alcantarillado esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 90 euros.

Devengo.

Artigo 6º.- A obriga de pago das taxas reguladas nesta ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo, tendo os servizos de depuración carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas e vías públicas nas que exista alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros.

Liquidación.

Artigo 7º.- As cotas esixibles por esta taxa, liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos, prazos e nos mesmos recibos dos subministro de auga, sen prexuízo da súa liquidación individual se así procederá.

Nos casos de altas ou baixas no servizo, o período mínimo de pago será o trimestre no que se produzan ditas altas ou baixas.

No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e unha vez concedida aquela, practicarase a liquidación que proceda, que será notificada para o seu ingreso directo.

Exencións e bonificacións.

Artigo 8º.- Non se concederá ningunha exención na exacción da presente taxa.

Infracción e sancións.

Artigo 9º.- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición transitoria.

O padrón inicial desta taxa formarase a partir dos datos existentes no padrón de taxa polo subministro de auga.

Disposición adicional.

No non previsto na presente ordenanza será de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións sobre a materia.

As tarifas establecidas na presente ordenanza incrementaranse automaticamente segundo o IPC anual, con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano, non sendo preciso a notificación individual aos suxeitos pasivos das tarifas derivadas destes incrementos.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partires do 1 de agosto de 2008.”

Baralla, 18 de xullo de 2008.- O ALCALDE, Manuel J. González Capón.